



CIRCULAR LU07/2015 - MODIFICADA

- Aos atletas, adestradores e clubs

I TROFEO NADAL VERXEL INDOOR

20 de decembro do 2.015

O club Verxel Nutrición Deportiva organiza **I Trofeo Nadal Verxel Indoor**, o **DOMINGO 20** de decembro, en xornada de **mañá**, en Lugo no *Módulo Cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera*, coa colaboración da Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

Art. 2. As inscricións terán un custo de **2€** por atleta.

Art. 3. As inscricións faranse a través do sistema online da web da FGA (<http://www.carreirasgalegas.com/carreira/trofeo-verxel/e0bfc580-9459-12e2-7e09-39d49edadd69>) ata as 23:00 horas do mércores anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 4. O acceso ao módulo será restrinxido, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un e-mail a clubverxel@gmail.com antes do xoves 17 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 5. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 6. No salto de lonxitude, se o número de participantes é 14 ou menos faranse 3 saltos máis dous de mellora, se son máis de 14, todos os participantes farán 4 saltos. A táboa de batida estará situada a 3 m.

Art. 7. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 60 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 8. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 9. Ao gañador de cada final entregaráselle un agasallo. Tamén se lle entregará á mellor marca segundo a táboa da IAAF de toda a competición, unha en homes e outra en mulleres, por cortesía de Kyrocream, unha “Paletilla Ibérica”.

Art. 10. O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
Salto de Altura	11:00	Salto de Lonxitude
60 m.v. (1,06 m)		
60 m.v. (0,99 m)	11:05	
60 m.v. (0,91 m) xuvenil	11:10	
60 m.v. (0,91 m) cadete	11:15	
	11:20	60 m.v. (0,84 m)
	11:25	60 m.v. (0,76 m)
60 m.l.	11:40	
Salto de Lonxitude	12:30	60 m.l.
	13:00	Salto de Altura
60 m.l. – FINAL – Senior	13:20	
60 m.l. – FINAL – Promesa	13:25	
60 m.l. – FINAL – Junior	13:30	
60 m.l.- FINAL – Juvenil	13:35	
60 m.l. – FINAL – Cadete	13:40	
60 m.l. – FINAL – Veterano	13:45	
	13:50	60 m.l. – FINAL – Senior
	13:55	60 m.l. – FINAL – Promesa
	14:00	60 m.l. – FINAL – Junior
	14:05	60 m.l.- FINAL – Juvenil
	14:10	60 m.l. – FINAL – Cadete
	14:15	60 m.l. – FINAL – Veterano



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatetismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatetismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 11. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 11 de decembro do 2.015

Asdo. Pablo Gandoy López


Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo

COLABORAN:



Drasanvi

tech&natural
kyrocream



Pimentos de Mougán